



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Traballo fin de Mestrado	Código	652610A07	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Chao Fernandez, Rocio	Correo electrónico	rocio.chao@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	<p>O TFM consistirá na realización dunha actividade académica na que desenvolver o conxunto de competencias abordadas neste mestrado. Debe ser realizado individualmente por cada alumno/a baixo a dirección dun/ha profesor/a (director/a) e, como norma xeral, estará concibido para que o tempo total de dedicación do/a alumno/a sexa de 150 horas (6 ECTS). Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período do máster, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- de Música- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
(CE-G2) Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.	AP1		
(CE-G1) Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.	AP1 AP2		
(CE-G3) Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.	AP3		
(CE-G4) Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.	AP4		
(CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.	AP5		
(CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.	AP6		
(CE-G7) Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.	AP7		
(CE-G8) Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.	AP8		
(CE-G9) Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.	AP9		
(CE-G10) Relacionar a educación có medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.	AP10		
(CE-G11) Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.	AP11		
(CE-G12) Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.	AP12		
(CE-G13) Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plan lingüístico do centro.	AP13		



(CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios y fundamentos da atención á diversidade.	AP14		
(CE-E1) Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.	AP15		
(CE-E2) Coñecer os contidos que se cursan nas respectivas ensinanzas.	AP16		
(CE-E3) Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.	AP17		
(CE-E4) Coñecer contextos e situacións nas que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares.	AP18		
(CE-E5) Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.	AP19		
(CE-E6) Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.	AP20		
(CE-E7) Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.	AP21		
(CE-E8) Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as aportacións dos estudantes.	AP22		
(CE-E9) Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.	AP23		
(CE-E10) Coñecer estratexias e procedimentos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.	AP24		
(CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.	AP25		
(CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.	AP26		
(CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e á aprendizaxe das materias da especialización e plantexar alternativas e solucións.	AP27		
(CE-E14) Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.	AP28		
(CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.	AP32		
(CE-P2) Acreditar un bo uso da expresión oral e escrita na práctica docente.	AP33		
(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.	AP34		
(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.	AP35		

Contidos	
Temas	Subtemas
Elaboración dun traballo académico.	Elaboración dun traballo académico que sintetice o conxunto de competencias desenvolvidas no mestrado, no que se integren a memoria do Practicum (Practicum 1 e Practicum 2) e un traballo de investigación ligado á práctica docente da especialidade.
Presentación e defensa do traballo realizado.	Presentación e defensa do traballo realizado.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A2 A12 A17 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A33	1	9	10
Traballos tutelados	A35 A34 A33 A32 A28 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1	1	136	137
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	<p>SOLICITUDE DE DEFENSA: Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFM, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que: a) facer a solicitude de defensa e subir unha copia do traballo na súa secretaría virtual e b) presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 3 exemplares en papel do seu TFM, así coma o impreso de solicitude de avaliación.</p> <p>DEFENSA: Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo. Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso. Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 20 minutos e o tribunal disporá de 20 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a. O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para a exposición.</p>
Traballos tutelados	<p>O traballo poderá desenvolverse segundo unha das seguintes variantes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Estudos empíricos relacionados con calquera das liñas temáticas propias da especialidade docente en Música e enmarcados no ámbito das competencias deste.</li><li>b) Investigación educativa nalgún dos diferentes campos da especialidade.</li><li>c) Análise de protocolos de actuación, unidades didácticas, proxectos socioeducativos ou calquera outro documento institucional, vinculadas a algún dos diferentes campos do mestrado.</li><li>d) Deseño de unidades didácticas o proxectos curriculares relacionados coa especialidade.</li></ul>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O/a coordinador/a do Mestrado fará pública a relación de TFM recibidos e as datas para a súa defensa.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Traballos tutelados	A35 A34 A33 A32 A28 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1	<p>Cuestións formais (5%):</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Claridade de ideas, de exposición e de organización da información.</li></ul> <p>Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola Universidade da Coruña</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Relación e coherencia entre as partes do TFM.</li><li>? Boa calidade lingüística do discurso.</li></ul> <p>Fundamentación teórica (20%):</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e nivel alcanzado no tema tratado.</li><li>? Creatividade e orixinalidade na presentación da temática, na súa abordaxe ou no seu tratamento.</li><li>? Referencia ós contidos traballados no Mestrado.</li><li>? Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballos científicos e profesionais.</li></ul> <p>Desenvolvemento do TFM (30%):</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Nivel de concreción do TFM (obxectivos, metodoloxía, secuenciación, actividades, sistema de avaliación...).</li><li>? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización.</li><li>? Adecuación ó marco lexislativo e curricular.</li><li>? Existencia e adecuación de criterios de avaliación da proposta.</li></ul> <p>Valoración persoal e conclusións FM (25%):</p> <p>As conclusións do traballo presentado deberán ter unha extensión de entre cinco e oito páxinas. Na súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM.</li><li>? Grao de integración dos coñecementos conseguidos nas distintas materias cursadas no Mestrado.</li><li>? Grao de desenvolvemento das competencias profesionais.</li></ul>	85
Presentación oral	A2 A12 A17 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A33	<p>Presentación e defensa:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Existencia e calidade nos medios e/ou materiais de apoio.</li><li>? Coherencia e claridade de ideas na exposición.</li><li>? Boa competencia lingüística oral.</li><li>? Capacidade de síntesis.</li><li>? Habilidade para responder na discusión.</li></ul>	15

Observacións avaliación



Para aprobar a asignatura é necesario aprobar cada un dos apartados. No caso contrario non se fai media.

Como consideración xeral, terase especialmente en conta as deficiencias ortográficas de puntuación e acentuación, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, etc. Todo elo suporá a redución de puntos sobre a nota obtida.

En caso de que a/o profesor detecte plaxio nalgún traballo, suporá un 0 na cualificación. No caso de reiteración, darase traslado á Comisión Académica para a toma de medidas oportunas.

Farase especial fincapé no cuidado do medio ambiente en pro dunha educación e sociedade sostible. Os traballos serán enviados exclusivamente telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non se empregarán plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, e papel reciclado, evitando imprimir borradores.

Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Para elo, sempre que sexa posible na elaboración dos traballos empregárase material de reciclaxe e evitárase o emprego de materiais de plástico na entrega dos mesmos.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	As propostas pola dirección académica do Traballo de Fin de Mestrado.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Recoméndase que os envíos dos traballos sexa telemáticamente e se non fose posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Debéese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Evitárase a discriminación por razón de xénero e propóranse accións e medidas para corrixilas. Usarase linguaxe non sexista.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías